



Concello do Grove

BASES DAS AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR (CURSO 2024-2025)

FUNDAMENTACIÓN:

Dende o ano 1.994 o Concello do Grove ten establecido un programa de axudas para adquisición de libros de texto e material escolar dirixidas a aquelas familias que non dispoñen de rendas suficientes para afrontar os gastos derivados da escolarización dos fillos que cursen estudos de ensino obrigatorio e/ou educación infantil.

ORZAMENTO:

A cuantía máxima destinada ó pago destas axudas para o curso escolar 2024-2025 será de **10.000** euros con cargo a partida **231.48007** denominada “Acción Social. Axudas libros de texto e material escolar”.

OBXECTIVOS:

- Facilitar ós nenos procedentes de familias en condicións económicas precarias os medios precisos para a súa promoción nos niveis de ensino obrigatorio e educación infantil.
- Pontencia-la igualdade no acceso ó ensino de tódolos nenos, independentemente da situación económica da súa familia.

SECTOR O QUE VAI DIRIXIDO:

- Educación Infantil. Axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar.
- Ensinanza Primaria. Axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar.
- Ensinanza Secundaria Obrigatoria (E.S.O.). Axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar

REQUISITOS:

- Estar empadroados no término municipal do Grove.
- Cursar estudos en centros sostidos con fondos públicos do término municipal do Grove.
- Que as familias carezcan de ingresos suficientes para facer fronte ós gastos derivados da adquisición dos libros de texto ou do material escolar dos seus fillos. **Ver requisitos económicos.**
- Presentar os documentos necesarios para a solicitude.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

As solicitudes presentaranse no Servizo de Rexistro ou na Sede Electrónica do concello, acompañadas da seguinte documentación:

Concello do Grove

Alcalde Xacobe Barral Otero,3. O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358





Concello do Grove

- Fotocopia do D.N.I. do solicitante.
- Fotocopia do libro de familia.
- Volante de empadramento familiar (solicitado polo propio departamento de Servizos Sociais)
- Xustificante de ingresos familiares, de tódolos membros da unidade de convivencia, con algún dos seguintes documentos, listados por orde de preferencia
 - Declaración da Renda do exercicio do 2023
 - Nóminas de ingresos dese mesmo ano
 - Certificados de empresa do 2023
 - Certificado de prestacións do INEM no ano 2023
 - Ingresos por pensión da Seguridade Social no ano 2023
- Contrato/recibo do aluguer do piso ou do pago da hipoteca
- Nota do colexio donde se faga consta-lo curso que se realiza.
- Outros documentos que apoiem a petición

No caso de que lle sexa requerida algunha documentación para completar a solicitude, terá un prazo de 10 días hábiles dende o momento da comunicación, para a súa presentación. De non facelo nese prazo a solicitude considerárase desestimada.

CONTÍA MÁXIMA DAS AXUDAS:

- Educación Infantil (0- 3 anos) 60 Euros por fillo para material escolar
- Educación infantil (4-6 anos)120 Euros por fillo para libros e material escolar
- Educación Primaria 70 Euros por fillo para libros e material escolar
- E.S.O85 euros por fillo para libros e material escolar

Entenderase por material escolar, e polo tanto serán susceptibles das axudas municipais mencionadas nesta convocatoria:

- A adquisición de libros de texto e /ou de lectura así coma dicionarios
- A compra de todo o material funxible necesario para a realización dos exercicios (libretas, cadernos, lápices...)
- a adquisición de chándales, zapatillas deportivas ou outro equipamento necesario para a realización da materia de Educación Física, e tamén
- A compra doutras prendas para o uso exclusivo dentro do centro escolar (por exemplo: uniformes escolares).

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Dende o día seguinte da publicación do extracto das bases no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO) ao 28 xuño de 2024.

Concello do Grove

Alcalde Xacobe Barral Otero,3. O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358





Concello do Grove

ADXUDICACIÓN DAS AXUDAS:

A adxudicación das axudas farase pola Xunta de Goberno, previo informe da comisión cualificadora que estará formada por representantes da Concellaría de Servizos Sociais.

Tras seren aprobadas pola Xunta de Goberno os beneficiarios das axudas recibirán unha comunicación no seu domicilio coa cuantía adxudicada. As solicitudes non contestadas entenderanse desestimadas.

As persoas beneficiarias das axudas para libros e material escolar deberán presentar no Rexistro Municipal, xunto coa comunicación da cantidade asignada, a **factura orixinal desagregada** da compra do material (non é válido a anotación xenérica de material escolar, teñen que especificarse os conceptos), así como unha certificación bancaria de existencia dunha conta a nome da persoa que é destinataria da axuda, na que posteriormente se lle fará o ingreso polo departamento de Tesourería Municipal. Poderase admitir tamén como acreditación do gasto realizado a presentación dos xustificantes das cantidades abonadas polo interesado as ANPAS dos colexios ou ós propios centros escolares para a adquisición de material escolar.

As persoas beneficiarias terán un prazo de **trinta días** desde o momento da notificación para a presentación da documentación e facer efectivo o cobro da cantidade asignada. Pasado ese prazo non se abonarán as cantidades concedidas.

No caso de que as cantidades derivadas de abonar as solicitudes valoradas como aceptadas supere a totalidade do orzamento establecido, a todos os beneficiarios se lles otorgará como máximo a cantidade porcentual correspondente a asignada para cada nivel educativo, que permita axustarse o orzamento sen superar, en ningún caso o mesmo.

INCOMPATIBILIDADES:

Estas axudas serán compatibles con calquera outra axuda recibida polo mesmo concepto.

Os alumnos que cursaran 4º de ESO, e no momento de cubrir a solicitude non saiban si promocionan ou non de curso, poderán solicita a axuda, pero terán que renunciar a mesma (incluso si esta foi concedida) no caso de que o final aprobaran o curso na convocatoria extraordinaria de setembro e, polo tanto, rematen a súa escolarización obrigatoria.

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os beneficiarios das axudas comprométese a destinar o importe das mesmas para a compra exclusiva de libros e material escolar

- Os beneficiarios declarararán responsablemente que non están incurso en causa de prohibición do art. 13.2 LGS para obter a condición de beneficiario da subvención.

- Os beneficiarios declarararán responsablemente que se atopan ao corrente no cumprimento de todas as súas obrigas tributarias (tanto co Estado como coas CCAA e a Administración Local).

Os beneficiarios autorizan o concello de O Grove para solicitar no caso necesario e no seu nome as correspondentes certificacións para acreditar o cumprimento destes deberes.

PUBLICIDADE

Con posterioridade a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, as presentes bases publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións e no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello.

Concello do Grove

Alcalde Xacobe Barral Otero,3. O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358





Concello do Grove

ANEXO AS BASES ADXÚNTANSE OS REQUISITOS ECONÓMICOS, A SOLICITUDE E O DOCUMENTO PARA A DECLARACIÓN RESPONSABLE DOS BENEFICIARIOS

ANEXO: REQUISITOS ECONÓMICOS:

Para obtelas axudas, a renda familiar disponible dos solicitantes non poderá exceder, en función do número de membros computables da familia, da que a continuación se indica:

Considérase que os recursos económicos mensuais para poder acceder as axudas, unha vez descontados, no seu caso, os gastos procedentes da vivenda habitual (préstamo hipotecario ou aluguer ata un máximo de 300 € o mes), non sexan superiores o 100 % do IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) que para ano 2024 é de 600 €, (7.200 € en 12 mensualidades e 8.400 € en 14 mensualidades). Esta cantidade incrementárase nun 10% IPREM por cada membro familiar a partir do segundo.

UNIDADE FAMILIAR	% IPREM	MENSUAL	ANUAL
Unidade familiar de 2 membros	110 % do IPREM	770	9.240
Unidade familiar de 3 membros	120 % do IPREM	840	10.080
Unidade familiar de 4 membros	130% do IPREM	910	10.920
Unidade familiar de 5 membros	140% do IPREM	980	11.760
Unidade familiar de 6 membros	150% do IPREM	1.050	12.600
Unidade familiar de 7 membros	160% do IPREM	1.120	13.440
Unidade familiar de 8 membros	170% do IPREM	1.190	14.280

A partir de unidades familiares de 8 membros incrementárase o límite económico no 10% do IPREM por cada membro (unidade familiar de 9 membros 180% do IPREM; unidade familiar de 10 membros 190 % do IPREM e así sucesivamente).

- Considéranse membros computables os conxuxes e os fillos menores de 25 anos, ou maiores desa idade con discapacidade acreditada, que convivan no mesmo domicilio.

Quedan exentos do cumprimento dos anteriores requisitos económicos:

- O alumnado en situación de garda ou tutela pola consellería de Política Social da Xunta de Galicia, o importe da axuda será o correspondente ao nivel do ensino en que estea matriculado, con independencia da renda per cápita da unidade familiar.

Polo tanto as solicitudes de menores nestas situacións non terán que aportar documentación económica xustificativa.

- Para o cálculo da renda familiar sumaranse as contías da Base Imponíble Xeral e a Base Imponíble do Aforro da declaración da Renda correspondente o período de 2023.

OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA:

Réxime de tenencia da vivenda (alugada, amortizando). Poderase descontar da renda familiar o custe do aluguer ou da hipoteca da vivenda ata un máximo de **300 euros mensuais**.

Concello do Grove

Alcalde Xacobe Barral Otero,3. O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358





Concello do Grove

ANEXO SOLICITUDE DE AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR (CURSO 2024-25)

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME E APELIDOS			DNI	
EN CALIDADE DE		ESTADO CIVIL	TELÉFONO	
ENDEREZO				
E-MAIL				

MENORES BENEFICIARIOS/AS

NOME E APELIDOS	CENTRO	CURSO

VIVENDA

RÉXIME DE POSESIÓN	EN PROPIEDAD		
	ALUGADA		IMPORTE DO ALUGAMENTO
	CEDIDA		
	EN HIPOTECA		IMPORTE DA HIPOTECA

TEN SOLICITADAS OUTRAS AXUDAS PARA ESTE CURSO?	
EN CASO AFIRMATIVO, ESPECIFIQUE DE QUE ORGANISMO	

Sinatura do solicitante

O Grove, de de 2024

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

Fotocopia do DNI do/a solicitante	
Fotocopia do libro de familia	
Volante de empadramento familiar (será solicitado polo propio departamento de Servizos Sociais)	
Xustificante de ingresos familiares de todos os membros da unidade de convivencia (algún dos seguintes documentos)	
- Declaración da Renda do exercicio do 2023	
- Nóminas de ingresos dese mesmo ano	
- Certificados de empresa do 2023	
- Certificado de prestacións do INEM no ano 2023	
- Ingresos por pensión da Seguridade Social no ano 2023	
Xustificante de matrícula	
Contrato/recibo do alugamento da vivenda ou do pagamento da hipoteca	
Outros	

Concello do Grove

Alcalde Xacobe Barral Otero,3. O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358





Concello do Grove

ANEXO DECLARACIÓN RESPONSABLE DOS BENEFICIARIOS

D/Dª _____ con DNI nº _____

E con enderezo en _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE

	SI	NON
Destinará o importe das axudas para a compra exclusiva de libros e material escolar.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Non está incurso en ningunha causa de prohibición do art. 13.2 LGS para obter a condición de beneficiário da subvención.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Atópase ao día no cumprimento de todas as súas obrigas tributarias (tanto co Estado como coas CCAA e a Administración Local).	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Autoriza ó concello de O Grove para solicitar no seu nome as correspondentes certificacións para acreditar o cumprimento destes deberes.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Sinatura do solicitante

O Grove, de de 2024

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE A MARXE

Concello do Grove

Alcalde Xacobe Barral Otero,3. O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358

